

CONCELLO DE XOVE

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 9 DE XUÑO DE 2014.

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

Concelleiros:

D^a Ana María Abad López

D^a M^a Dolores Meitin Guerreiro

D. José Manuel Balseiro Canoura

D. Marco López López

D^a M^a Rosario Balseiro López

D. Leandro Quelle Franco

D. Manuel Angel Meitin Rouco

D. José Manuel López Hermida

Secretario:

D. Luís M. Fernández del Olmo

Intervención:

D^a Elena Santos Rey

Ausentes:

D. Alberto Santos Vázquez

D^a Cristina Iglesias Guerreiro

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezanove horas do día nove de xuño de dous mil catorce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión extraordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1º).- APROBACIÓN DO BORRADOR DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS PLENARIAS (EXTRAORDINARIA E ORDINARIA) DE DATA 28 DE ABRIL DE 2014 . ADOPCIÓN DE ACORDO.

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntouse ós asistentes se tiñan algunha obxección que formular ós borradores das actas das sesións plenarias (ordinaria e extraordinaria) de data 28 de abril de 2014.-

Non habendo obxeccións, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aproba-los borradores das actas das sesións plenarias devanditas.

2º).- INFORME DE INTERVENCIÓN RELATIVO Ó CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE E DO LÍMITE DE DÉBEDA NO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2014. DAR CONTA.

Por Secretaría, dáse lectura do devandito informe de Intervención que se transcribe de seguido:

INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE, DA REGRA DE GASTO E DO LÍMITE DE DÉBEDA CORRESPONDENTE AO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2014

Elena Santos Rey, Interventora do Concello de Xove, dando cumprimento ao previsto no artigo 16.4 da Orde HAP 2015/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de suministro de información previstas na LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, ten o deber de emitir o seguinte informe baseado na seguinte:

Lexislación aplicable:

- *LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira (en adiante, LOEOSF)*
- *ORDE HAP 2015/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de suministro de información previstas na LOEOSF (en adiante, Orde)*
- *RD 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria (en adiante REO)*

- *RDL 2/2004, de 5 de marzo (TRLRFL), polo que se aproba o polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación ao principio de estabilidade Orzamentaria (art. 54.7 e 146.1)*
- *Manual do cálculo do déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás corporacións locais, publicado pola Intervención Xeral da Administración do Estado, Ministerio de Economía e Facenda*
- *Manual do SEC 95 sobre Déficit Público e Débeda Pública, publicado por Eurostat*
- *Guía elaborada polo MEH na súa versión de data 29 de abril de 2014, relativa á información a comunicar para o cumprimento das obrigas contempladas na Orde HAP 2015/2012, de 1 de outubro.*

Segundo: antecedentes de feito

De conformidade co artigo 3 da LOEOSF, a elaboración, aprobación e execución dos orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos dos distintos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta Lei realizarase nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea. Entenderase por estabilidade orzamentaria as administracións públicas a situación de equilibrio ou superávit estrutural.

A estabilidade orzamentaria é un dos principios que consagra a LOEOSF, xunto cos principios de sostenibilidade financeira, transparencia, plurianualidade, eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, responsabilidade e lealdade institucional.

Dispón o artigo 11.1 da mesma Lei que a elaboración, aprobación e execución dos orzamentos e demais situacións que afecten aos gastos ou ingresos das administracións públicas e demais entidades que forman parte do sector público someterase ao principio de estabilidade orzamentaria, engadindo o punto 4 do mesmo artigo que as corporacións locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario. O apartado 2 engade ademais que ningunha administración pública poderá incorrer en déficit estrutural, debendo estarse para a súa determinación á metodoloxía utilizada pola Comisión Europea no marco da normativa de estabilidade orzamentaria (ap. 6 art. 11 LOEOSF)

Asímesmo, o artigo 4 do Reo establece que “as entidades locais..... executarán e liquidarán os seus orzamentos consolidados axustándose ao principio de estabilidade....”

A importancia do principio de transparencia levou ao lexislador a establecer no artigo 6 da LOEOSF, a obriga das administracións públicas de subministrar toda a información necesaria para o cumprimento das disposicións da citada lei e das normas e acordos que se adopten no seu desenvolvemento, e garantir a coherencia das normas e procedementos contables, así como a integridade dos sistemas de recopilación e tratamento dos datos.

O desenvolvemento regulamentario a que se refire o antedito artigo da LOEOSF, realizouno o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a través da Orde HAP /2015/2012, de 1 de outubro e, en concreto, a información sobre as obrigas trimestrais de subministración de información, recolleuse no seu artigo 16.

Os artigos 14 e 16 da Orde sobre obrigas mensuais e trimestrais de subministración de información das Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais, entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2013, de conformidade coa Disposición Transitoria Única da Orde.

Resultando que o artigo 4 da Orde impón a centralización do cumprimento da obriga de remisión e recepción de información “nas corporacións locais, a intervención ou unidade que exerza as súas funcións”

Informe

PRIMEIRO.- Cumprimento da obriga de remisión de información

De conformidade co artigo 4 da LOEOSF e o desenvolvemento do mesmo realizado pola Orde, e en concreto co contido dos artigos 4 e 16 da mesma, esta Interventora cumpriu coa súa obriga de remisión da subministración de información trimestral correspondente ao primeiro trimestre de 2014, en tempo e forma, o pasado día 7 de maio de 2014. Téndose volcado a totalidade da información requirida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a través de plataforma telemática habilitada na Oficina Virtual de Coordinación coas entidades locais.

SEGUNDO.- Xustificación do informe e do seu coñecemento polo Pleno

Para subministrar a información requirida, correspondente ao primeiro trimestre de 2014, e a pesares de que a normativa, non esixe de maneira específica a elaboración de un informe nin o seu posterior tratamento, esta intervención considera necesario a elaboración do presente informe, que resume a información volcada, os principais criterios de estimación seguidos, e que recolle as conclusións respecto ás previsións de cumprimento ou de incumprimento ao peche do exercicio orzamentario dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública ou da regra de gasto.

Por outro lado, abundando na necesidade de dar conta ao Pleno, o Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, que desenvolvía a Lei 18/2001, de Estabilidad Presupuestaria, establecía no seu artigo 16.2 a obrigatoriedade de emitir informe de intervención de cumprimento do obxectivo de estabilidade e dar conta ao Pleno nos supostos de expedientes de modificación de créditos. Na actualidade tras a entrada en vigor da LOEOSF e a Orde, segundo contestación emitida pola Subdirección Xeral de Estudos e Financiamento das Entidades Locais, a verificación do cumprimento dos obxectivos de estabilidade e da regra de gasto non é requisito previo necesario para a aprobación dos expedientes de modificación, senón que procede a actualización trimestral do informe de intervención de cumprimento dos obxectivos a que se refire a Orde. Cálculo do que pode derivarse de maneira preceptiva a elaboración de un Plan Económico Financeiro por incumprimento de obxectivos.

Por todo iso, do presente informe considérase necesario dar traslado á Alcaldía, para que se proceda á súa elevación ao pleno da Corporación para o seu coñecemento e efectos oportunos.

TERCEIRO.- Contido da información

A información a subministrar para dar cumprimento á obriga de remisión, é parte da que se recolle no artigo 16 da Orde e materializouse nos formularios que deseñou a Subdirección Xeral de Estudos e Financiamento das Entidades Locais, cumprimentados a través da Oficina Virtual antes citada. Como anexo ao presente informe figuran os formularios remitidos, e que son os seguintes:

1. Comunicación trimestral de datos individualizados por Entidades
Datos orzamentarios
Resumen clasificación económica
Desglose de ingresos correntes
Desglose de ingresos de capital e financeiros
Desglose de gastos correntes

<i>Desglose da gastos de capital e financeiros</i>
<i>Calendario e Orzamento de Tesourería</i>
<i>Remanente de Tesourería</i>
<i>Dotación de plantillas e retribucións</i>
<i>Débeda viva e crecemento mensual no próximo trimestre</i>
<i>Perfil do vencemento da débeda nos próximos dez anos</i>
<i>Anexos información</i>
<i>F.1.1.B.1 Axustes informe avaliación para relacionar Ingresos/Gastos con normas SEC</i>
<i>Anexo B2 Información para a aplicación da Regra de Gasto</i>
<i>Axustes ao sistema de contas europeo aplicables</i>
<i>2.1. Axustes por operacións internas entre entidades</i>
<i>Informe de avaliación grupo Administracións Públicas</i>
<i>3.0 Datos xerais do Informe de Avaliación</i>
<i>3.1 Validación datos informe avaliación/levantar validación</i>
<i>3.2 Resume análise estabilidade orzamentaria</i>
<i>3.3 Resume análise Regra de Gasto</i>
<i>3.4 resume análise estabilidade orzamentaria</i>
<i>Peche do Informe de avaliación e sinatura</i>

CUARTO.- Observacións e explicación dos contidos:

1.- ESTIMACIÓN DE DEREITOS E OBRIGAS RECOÑECIDAS A 31/12/2014.

ESTIMACION DE GASTOS A 31/12/14				
	ORN a 31/03	Liquidación 2013	Estimación pendiente	Estimación OR a 31/12
Cap. 1	503.424,00	2.466.533,97	1.980.000,00	2.483.424,00
Cap. 2	400.703,02	1.977.146,82	1.500.000,00	1.900.703,02
Cap. 3	207,40	808,42	800,00	1.007,40
Cap. 4	81.095,75	262.997,10	145.000,00	226.095,75
Cap. 6	20.504,53	968.013,11	800.000,00	820.504,53
Cap. 7	0	0	10.000,00	10.000,00
Total	1.005.93,704	5.675.499,22	4.435.800,00	5.441.734,70

ESTIMACION DE INGRESOS A 31/12/14				
	DRN a 31/03	Liquidación 2013	Estimación pendiente	Estimación DR a 31/12
Cap. 1	584.849,74	3.867.531,77	3.456.000,00	4.040.849,74
Cap. 2	2.970,95	34.118,51	7.000,00	9.970,95
Cap. 3	271.238,53	1.351.528,08	1.008.250,00	1.279.488,53
Cap. 4	415.832,01	1.237.016,57	566.149,00	981.981,01
Cap. 5	6.167,36	64.181,82	55.600,00	61.767,36
Cap. 7	800,00	212.490,38	115.051,00	115.851,00
Total	1.281.859,59	6.766.867,13	5.208.050,00	6.489.908,59

- O capítulo 1 de gastos conlevará unha execución maior que en 2013 debido á posta en aplicación da Relación de Postos de Traballo aprobada polo Concello Pleno.
- O capítulo 2 de gastos suporá previsiblemente unha menor execución.
- O capítulo 6 de investimentos en principio debería ter unha execución maior posto que o anexo de investimentos aprobado para 2014 reflicte un maior importe. Non obstante, a estas alturas de exercicio descoñécese si se efectuarán mais expedientes de modificación de créditos, fundamentalmente en función das axudas acadadas de outras administracións e que obrigan a aportar unha determinada contía.
- A recadación prevista no capítulo 1 de ingresos supera ao liquidado en 2013, unha vez contabilizada a liquidación efectuada en marzo pola Diputación Provincial.
- Para as estimacións dos capítulos 4 e 7 de ingresos téñense en conta tanto os expedientes de subvencións e axudas tramitados e dos que a data actual se coñece a súa resolución coma aqueles outros cuxa resolución favorable é previsible a tenor do resolto polas correspondentes administracións concedentes nos últimos exercicios.

2.- **ESTABILIDADE ORZAMENTARIA.** En canto ao concepto de estabilidade orzamentaria, entendido como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiación de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC), contido no Regulamento nº 2223/96 do Consello, de 25 de xuño e consonte establece o artigo 15 do RD 1463/2007, de 2 de novembro, en relación co artigo 19.3 do TRLXEO, entenderase cumprido o obxectivo de estabilidade cando os orzamentos iniciais ou, no seu caso, modificados, e as liquidacións orzamentarias dos suxeitos comprendidos no artigo 4.1 do presente regulamento, alcancen, unha vez consolidados, e en termos de capacidade de financiación, de acordo coa definición contida no SEC, o obxectivo individual establecido para cada unha das entidades locais ás que se refire o artigo 5 ou o obxectivo de equilibrio ou superávit establecido para as restantes entidades locais, sen prexuízo do disposto, no seu caso, nos plans económico-financeiros aprobados e en vigor. O artigo 21 da LOEOSF establece:

1.- No caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, a administración incumpridora formulará un plan económico-

financeiro (PEF) que permita en un ano o cumprimento dos obxectivos ou da regra de gasto, co contido e alcance previsto neste artigo.

Poderíase determinar polo tanto o concepto coma a existencia de un equilibrio en termos de presupostación, execución e liquidación, entre os ingresos de natureza non financeira e os gastos da mesma natureza, en definitiva, segundo esta definición, a estabilidade orzamentaria de equilibrio ou superávit (capacidade de financiamento) ponse de manifesto cando a suma dos capítulos 1 a 7 de ingresos sexa igual ou superior á suma dos capítulos 1 a 7 de gastos, ou o que é o mesmo, cando se cumpra a seguinte ecuación:

Variación de Activos Financeiros (Cap. 8 Ingresos – Cap. 8 Gastos) – Variación de Pasivos Financeiros (Cap. 9 Ingresos – Cap. 9 Gastos) = 0

Os axustes que cómpre realizar sobre as estimacións de dereitos son os seguintes:

	DRN a 31/12 €	Estimado pendente de recoñecer €	Estimación recadación a 31/12 €	Recadación pechados a 31/12 €	Total recadación
Capítulo 1	4.040.849,00	3.456.000,00	4.040.849,00	15.644,58	4.056.493,58
Capítulo 2	9.970,95	7.000,00	9.970,95	18.947,00	28.917,95
Capítulo 3	1.279.488,53	1.008.250,00	1.228.285,30	60.789,83	1.289.618,36

O axuste no capítulo 1 é positivo en 15.644,58 euros; no capítulo 2 é positivo en 18.947,00 euros; no capítulo 3, é positivo en 10.129,83 euros e no capítulo 4 o único axuste posible é positivo derivado da PIE negativa de 2008 e 2009, por importes totais de 11.457,27 euros.

Non resulta necesario practicar axustes sobre as previsións de gastos. O total de axustes ascende a 56.178,68 euros.

O resumo das previsións en termos SEC aos efectos do cálculo da estabilidade orzamentaria é o seguinte:

	Estimación OR a 31/12 €	Axustes €	Total SEC €
Capítulo 1	2.483.424,00	-	2.483.424,00
Capítulo 2	1.900.703,02	-	1.900.703,02
Capítulo 3	1.007,40	-	1.007,40
Capítulo 4	226.095,75	-	226.095,75
Capítulo 6	820.504,53	-	820.504,53
Total	10.000,00	-	10.000,00
	5.441.734,70		5.441.734,70
	Estimación DR a 31/12 €	Axustes €	Total SEC €
Capítulo 1	4.040.849,74	15.644,58	4.056.494,32
Capítulo 2	9.970,95	18.947,00	28.917,95
Capítulo 3	1.279.488,53	10.129,83	1.289.618,36

Capítulo 4	981.981,01	11.457,27	993.438,28
Capítulo 5	61.767,36		61.767,36
Capítulo 7	115.851,00		115.851,00
Total	6.489.908,59	56.178,68	6.546.087,27

A análise do cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria resúmese pois no seguinte recadro:

OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		Estimación Prev./Créd. SEC 95
		1º T. 2014 €
1.- Recursos correntes		
Cap. 1.- Impostos directos		4.056.494,32
Cap. 2.- Impostos indirectos		28.917,95
Cap. 3.- Taxas e outros ingresos		1.289.618,36
Cap. 4.- Transferencias correntes		993.438,28
Cap. 5.- Ingresos patrimoniais		61.767,36
	Total recursos correntes (1)	6.430.236,27
2.- Empregos correntes		
Cap. 1.- Gastos de persoal		2.483.424,00
Cap. 2.- Gastos en bens correntes		1.900.703,02
Cap. 3.- Xuros		1.007,40
Cap. 4.- Transferencias correntes		226.095,75
	Total empregos correntes (2)	4.611.230,17
AFORRO BRUTO (1-2)		
3.- Recursos de capital		
Cap. 6.- Enaxenación de investimento		0,00
Cap. 7.- Transferencias de capital		115.851,00
	Total recursos de capital (3)	115.851,00
4.- Empregos de capital		
Cap. 6.- Investimento real		820.504,53
Cap. 7.- Transferencias de capital		10.000,00
	Total empregos de capital (4)	830.504,53
CAPACIDADE(+) OU NECESIDADE(-) DE FINANCIAMENTO (1+3-2-4)		1.104.352,57

O Concello de Xove, para o primeiro trimestre de execución orzamentaria no exercicio de 2014 cumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria.

A estabilidade prevista supera á prevista no Plan económico financeiro para 2014, que ascendía a 882.132,23 euros.

3.- **REGRA DE GASTO.** Para as corporacións locais, cúmprese a regra de gasto se a variación, en termos SEC, do gasto computable entre dous exercicios económicos, non supera a taxa de referencia de crecemento do PIB de medio prazo da economía española, modificado, no seu caso, no importe dos incrementos permanentes e diminucións de recadación derivados de cambios normativos.

Enténdese por gasto computable os empregos non financeiros definidos no SEC (esto é, consolidados e axustados a criterios de contabilidade nacional), exclusión feita dos xuros da débeda e a parte de gasto financiado con fondos finalistas procedentes da UE ou de outras Administracións Públicas.

A taxa de referencia de crecemento do PIB para o exercicio 2014 é o 1,5%.

Deben tomarse en consideración como datos de partida os procedentes da liquidación de 2013 de tal xeito que:

	CÁLCULO DA REGRA DE GASTO	Liquidación 2013	OR a 31/12/2014
+	Cap. 1 Gastos de persoal	2.466.533,97	2.483.424,00
+	Cap.2 Compra de bens correntes e servizos	1.977.146,62	1.900.703,02
+	Cap. 3 Gastos financeiros	808,42	1.007,40
+	Cap. 4 Transferencias correntes	262.997,10	226.095,75
+	Cap. 6 Inversión	968.013,11	820.504,53
+	Cap. 7 Transferencias de capital	0,00	10.000,00
=	A) EMPREGOS NON FINANCEIROS	5.675.499,22	5.441.734,70
+/-	Axustes SEC 95 que inciden en gastos	0,00	0,00
+/-	Axustes consolidación orzamentaria	0,00	0,00
=	B) EMPREGOS NON FINANCEIROS AXUSTADOS	5.675.499,22	5.441.734,70
-	Intereses da débeda	0,00	0,00
-	Gastos financiados con fondos finalistas UE/AAPP	557.113,86	290.898,65
=	C) GASTO COMPUTABLE	5.118.385,36	5.150.836,05

Como gastos financiados con fondos finalistas dedúcense os seguintes:

Para a liquidación do exercicio 2013:

-Do capítulo 4 de ingresos: 392.092,37

1.- 26.685,56 euros de Programas de cooperación 2012-2013*

2.- 30.056,98 euros de Programas Cooperación 2013-2014**

3.- 6.862,91 euros de TLE. Os gastos ata 30/06/2013 son 17.462,88 e a axuda é prepagable e xa está ingresada

4.- 2.258,76 euros axuda Xulgado de Paz

5.- 15.013,00 euros de Servizos Sociais comunitarios. Esta axuda financia o gasto da traballadora social ata un importe total anual de 15.013,00 euros. O gasto ata a data ascende a 16.139,49 euros.

6.- 139.661,67 euros de Dependencia.

7.- 31.638,20 euros de gastos do Convenio de Incendios.

- 8.- 2.209,00 euros de Dinamización da lingua
9.- 54.502,60 euros de gastos do curso AFD. A axuda total é de 61.914,26 euros. P17/13
10.- 40.868,00 euros da axuda da Diputación a axuda no fogar (total da axuda, xa gastado)
11.- 900,00 euros da axuda da Diputación para gastos correntes culturais
12.- 800,00 euros da axuda da Diputación para gastos correntes deportes
13.- 1.250,00 euros de Voluntariado
14.- 2.730,00 euros do GAC
15.- 17.256,20 euros do Convenio de Medio Rural dos desbroces
16.- 285,09 euros do Plan de Igualdade
17.- 3.000,00 euros de Xuventude
18.- 3.838,32 euros do Convenio do centro de saúde
19.- 1.015,93 euros da Escola de Música
20.- 11.260,18 € de resto da axuda que veu en xaneiro de atención primaria

* Aclaración: Programas cooperación 2012-2013

Total axuda: 51.922,00 dos que 20.041,48 se ingresaron en 2012 e 31.880,52 en 2013

Gastos en 2012: 25.236,44

Gastos en 2013: 29.205,15

Total ORN: 54.441,59, polo tanto o gasto financiado e 2013 con fondos finalistas é de 26.685,56

**Aclaración: Total axuda: 48.597,12 dos que se ingresaron 0,00 euros

Gastos en 2013: 30.056,98

- Do capítulo 7 de ingresos: 165.021,49

- 1.- 13.156,00 euros do POS 2012
2.- 2.100,00 euros da axuda da Diputación para instalacións deportivas
3.- 800 euros da Diputación para instalacións culturais
4.- 45.923,74 do Convenio INEGA_CERVO_XOVE_BURELA
5.- 17.903,98 euros do FCA non competitivo
6.- 28.000,00 euros do FCA competitivo
7.- 57.137,77 euros de Instalación solar fotovoltaica AGADER

TOTAL FINANCIADO CON FONDOS FINALISTAS ano 2013: 165.021,49+ 392.092,37= 557.113,86 EUROS

TOTAL FINANCIADO EN 2013 CON FONDOS FINALISTAS: 557.113,86

Desglose:

- De Diputación: 58.624,00
- Da CA: 498.489,89

Para a previsión de liquidación do exercicio 2014:

1.- Obrigas recoñecidas netas no primeiro trimestre de 2014 financiadas con fondos finalistas

-Do capítulo 4 de ingresos: 57.430,77

1.- 12.865,65 euros de Programas Cooperación 2013-2014*. (A cap. 1 de gastos)

2.- 7.334,41 euros de TLE. Os gastos ata 31/03/2014 son 8.214,24 e a axuda é prepagable e xa está ingresada (A cap. 1 de gastos)

3.- 2.247,47 euros axuda Xulgado de Paz (A cap. 2 de gastos)

4.- 34.983,24 euros de Dependencia. (A cap. 2 de gastos)

* Aclaración: Programas cooperación 2013-2014

Total axuda: 48.597,12 ingresados todos en abril de 2014

Gastos en 2013: 30.056,95

Gastos ata 31/03/2014: 12.865,65

Total ORN: 42.922,60

- Do capítulo 7 de ingresos: 12.750,60

1.- 12.750,60 euros do POS 2013 (subvención prorrateada posto que houbo baixa na adxudicación)

TOTAL FINANCIADO CON FONDOS FINALISTAS ata 31/03/2014: 70.181,37 EUROS

- Da Dip: 12.750,60

- Da Xunta: 57.430,77

2.- Obrigas recoñecidas netas previstas desde o 31/03 financiadas con fondos finalistas

-Do capítulo 4 de ingresos: 125.370,99

1.- 104.683,47 euros de Dependencia. Parte da subvención teórica por percibir unha vez ingresado o primeiro trimestre. O gasto é maior.(A cap. 2 de gastos)

2.- 5.674,52= 48.597,12 (total axuda)-42.922,60 (total gasto executado en 2014 desde o 01/01/2014 ata 31/03/2014 euros de Programas cooperación 2013-2014 (A cap. 1 de gastos)

3.- A aportación de Servizos Sociais para atención primaria: 15.013(A cap. 1 de gastos)

-Do capítulo 7 de ingresos: 95.346,29

1.- 45.444,00 euros de AGADER 2013 PEIM

2.- 49.902,29 euros de AGADER FOTOVOLTAICA

TOTAL PREVISTO FINANCIAR CON FONDOS FINALISTAS: 220.717,28

- Da Dip: 0,00

- Da Xunta: 220.717,28

TOTAL FINANCIADO EN 2014 CON FONDOS FINALISTAS: 290.898,65

Desglose:

- De Diputación: 12.750,60

- Da CA: 278.148,05

Como a taxa de referencia do crecemento do PIB se sitúa en 1,50%, aplicado ao gasto computable resultante da liquidación de 2013, resulta un gasto de 5.195.161,11 euros.

Non se prevén aumentos nin diminución de recadación como consecuencia de cambios normativos. Deben deducirse do gasto non obstante, os investimentos previstos que se consideran financeiramente sostibles de acordo coa D.A. 6º da LOEOSF e que ascenden a 37.339,41 euros:

<i>GASTO COMPUTABLE INCREMENTADO POLA TASA DE REFERENCIA</i>	<i>5.195.161,11</i>
<i>Aumentos permanentes da recadación (art. 12.4)</i>	<i>0,00</i>
<i>Reducións permanentes de recadación (art. 12.4)</i>	<i>0,00</i>
<i>Investimentos financeiramente sostibles</i>	<i>37.339,41</i>
LÍMITE DA REGRA DE GASTO	5.232.500,55

As obrigas previstas recoñecer a 31 de decembro de 2014 ascenden a 5.150.836,05 euros, que non supera o límite da regra de gasto co que se CUMPRE O OBXECTIVO DA REGRA DE GASTO NO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2014.

A Corporación, dáse por enterada.

3º) .- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 10/2014 POR IMPORTE DE 26.200,00 €. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO

Por Secretaría dáse conta á Corporación da proposta de Alcaldía relativa ó asunto do epígrafe que a seguir se transcribe integramente:

JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde-Presidente do Concello de Xove,

No desenvolvemento e execución do Orzamento Municipal de gasto de capital, obsérvase a inexistencia de crédito para a realización de determinados proxectos de nova creación, a saber:

-P 23/14 Instalación de caldeira de biomasa na Escola Infantil

-P 24/14 Instalación de caldeira de biomasa no E.U.M. de Palmeiro

De conformidade coas disposicións vixentes, cando deba realizarse algún gasto para o que non exista crédito no Orzamento vixente ou sexan insuficientes as dotacións previstas, a Corporación poderá acordar a concesión de crédito extraordinario no primeiro dos casos, ou de suplemento de crédito para o segundo dos supostos. Dita modificación poderá atenderse, entre outros medios de financiación, co Remanente de Tesourería para Gastos Xerais derivado da Liquidación do exercicio anterior e que ascendeu a 3.215.736,45 euros, dos que 3.061.950,13 figuran dispoñibles.

A modificación que se propón refírese aos seguintes gastos e fundaméntase o seu carácter inaprazable nos seguintes argumentos:

- Dótase o crédito necesario para facer fronte á aportación municipal correspondente á axuda a solicitar da AGADER para a instalación de unha caldeira de biomasa na Escola Infantil de Xove, ao abeiro da Resolución de 8 de maio de 2014. O importe total do proxecto ascende a 20.449 euros e a axuda podería acadar a contía de 9.600,00 euros, co que a aportación municipal ascendería a 10.849,00 euros.*
- Dótase o crédito necesario para facer fronte á aportación municipal correspondente á axuda a solicitar da AGADER para a instalación de unha caldeira de biomasa no Edificio de Usos Múltiples de Palmeiro, ao abeiro da Resolución de 8 de maio de 2014.*

O importe total do proxecto ascende a 31.848,41 euros e a axuda podería acadar a contía de 16.620,80 euros, co que a aportación municipal ascendería a 15.227,61 euros.

<i>Partida</i>	<i>Denominación</i>	<i>Consign. Inic. + aumentos anteriores por proxecto</i>	<u>AUMENTO</u>	<i>Consignac. Final</i>	<u>FINALIDADE</u>
<i>321.623</i>	<i>Educación preescolar e primaria. Investimentos en maquinaria e instalacións</i>	<i>0,00</i>	<i>10.900,00</i>	<i>10.900,00</i>	<u>INSTALACIÓN DE CALDEIRA DE BIOMASA NA</u>

					<u>ESCOLA INFANTIL (P. 23/14)</u>
924.623	Participación cidadá. Investimento en maquinaria e instalacións	0,00	15.300,00	15.300,00	<u>INSTALACIÓN DE CALDEIRA DE BIOMASA NO EUM PALMEIRO (P. 24/14)</u>
TOTAL			26.200,00	26.200,00	

O presente expediente finánciase con Remanente Líquido de Tesourería deducido da Liquidación do exercicio 2.013.

En base a esta memoria xustificativa, esta Alcaldía estima procedente tramitar o correspondente expediente de Crédito Extraordinario por importe de 26.200,00 na partida que corresponde, cuxos recursos se nutrirán con Remanente Líquido de Tesourería e somete á consideración do Concello Pleno a aprobación inicial do expediente nº 10/2014 de Modificación de Créditos por importe total de vinteseis mil douscentos Euros (26.200,00 €).

Polo Sr. Alcalde explícanse os aspectos máis salientables do expediente de referencia.

Enterado, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito 10/2014 do Orzamento Municipal de 2014 por importe de 26.200,00 € reflectido na proposta de Alcaldía anteriormente transcrita; sometelo ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 15 días mediante anuncio a insertar no taboleiro municipal de anuncios e a publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sinalándose expresamente que no suposto da non presentación de alegacións ou reclamacións no citado prazo, o presente acordo entenderase automaticamente elevado a definitivo.

4º).- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCION DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación da proposta de modificación do regulamento do epígrafe que a seguir se transcribe integramente:

“D. José Demetrio Salgueiro Rapa, Alcalde-Presidente do Concello de Xove, no uso das facultades que me son conferidas polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, visto que resulta necesaria a modificación do Regulamento de Organización e Funcionamento da Escola Municipal de Música aos efectos de concretar o procedemento de matriculación de alumnos, propoño ao Concello Pleno:

Primeiro.- Modificar o artigo 18 (Capítulo 2) do Regulamento de Organización e Funcionamento da Escola Municipal de Música, que quedará redactado como segue: Artigo 18.- Formalización da matrícula.

A matrícula deberá formalizarse nos modelos normalizados que a tal efecto facilitará o Concello, e aboar de ser o caso, o correspondente prezo ou taxa. A estes efectos, o importe de dito prezo ou taxa será o que en cada momento teña aprobado o Concello no correspondente Acordo Regulador ou Ordenanza. Dito importe permanecerá inalterable durante todo o curso.

Existirán dous prazos de matriculación:

- Aos efectos de dar preferencia e asegurar praza para os alumnos que xa cursaron o curso escolar inmediatamente anterior tanto algún instrumento coma “Música e Movemento”, abriase un primeiro prazo que abarcará desde a comunicación aos alumnos antes do remate do curso escolar, ata o 15 xullo, ou día hábil inmediato posterior se aquel coincidise en día inhábil. Estes alumnos deberán formalizar a matrícula no modelo facilitado e aboar, no seu caso, o prezo ou taxa establecido polo correspondente Acordo regulador ou Ordenanza Fiscal. A estes efectos a Escola orientaraos cara as especialidades que se oferten, tendo en conta igualmente as solicitudes

de cambio de instrumento en función das especialidades ofertadas, e despois de confirmaren a súa praza os alumnos que renoven no mesmo instrumento.

Caso de que transcorrido deste prazo, o alumno non formalizase a matrícula e aboase o correspondente prezo ou taxa, perderá o dereito de preferencia a que se refire o parágrafo anterior e deberá matricularse na Escola no prazo a que se refire o parágrafo seguinte.

- Segundo prazo de matrícula durante todo o mes de setembro para novos alumnos.

Por razóns organizativas o Concello poderá variar ou ampliar os prazos de matriculación, dando a máxima publicidade polos medios habituais.

No caso de existir taxa ou prezo público, non se formalizará a matrícula daqueles alumnos que teñan pagos pendentes correspondentes a outros exercicios.”

Enterado, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aprobar inicialmente a modificación do Regulamento de Organización e Funcionamento da Escola Municipal de Música, reflectido na proposta de Alcaldía anteriormente transcrita; sometelo ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 1 mes mediante anuncio a insertar no taboleiro municipal de anuncios e a publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sinalándose expresamente que no suposto da non presentación de alegacións ou reclamacións no citado prazo, o presente acordo entenderase automaticamente elevado a definitivo.

5º).- MOCIÓN DO BNG A PROL DO PARTIDO XUDICIAL DE VIVEIRO E DA XUSTIZA DE PROXIMIDADE. ADOPCION DE ACORDO.

Polo Sr. López López, Concelleiro-portavoz do Grupo Municipal do BNG na Corporación Municipal de Xove, manifesta que; como queira que no punto seguinte da orde do día figura unha proposta de Alcaldía na que se reflicte o acordo adoptado no seo do Pleno da Diputación Provincial, pola totalidade dos grupos, incluído o do BNG relativa ó mesmo asunto, solicita a retirada da moción presentada.

A moción do epígrafe é retirada da orde do día.

6º).- PROPOSTA DE ALCALDÍA SOBRE O ANTEPROXECTO DE REFORMA DA LEI ORGÁNICA DO PODER XUDICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse lectura da proposta de Alcaldía que a seguir se transcribe:

“D. JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde Presidente do Concello de Xove

VISTO o acordo adoptado polo Pleno da Deputación Provincial co voto favorable de tódolos Grupos Políticos integrantes da Corporación Provincial en relación co Anteproxecto de Lei Orgánica do Poder Xudicial, que a seguir ase transcribe literalmente:

En relación a modificación a Lei Orgánica do Poder Xudicial, a Deputación de Lugo acorda:

- Esixir a inmediata reforma ao Goberno Central do Anteproxecto de Lei Orgánica do Poder Xudicial, para conquistar un texto que defenda o acceso a tutela xudicial efectiva dos cidadáns.*
- Instar ao Presidente Feijoo que inicie os trámites necesarios para garantir o mantemento dos nove partidos xudiciais da provincia de Lugo: Becerreá, Chantada, A Fonsagrada, Lugo, Mondoñedo, Monforte, Sarria, Vilalba e Viveiro.*
- Acometer unha racionalización da xustiza, apartada dunha visión corporativista e centralista e elaborada de forma consensuada eos profesionais, organizacións e colectivos sociais de ámbito xurídico, fundada nos criterios de respecto ó dereito á tutela xudicial, o achegamento da xustiza á cidadanía e unha maior accesibilidade desprovista de custes engadidos.*

Polo presente propoño ao Concello Pleno a ratificación do acordo transcrito.

Enterado, o Pleno Municipal, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aproba-la proposta de Alcaldía anteriormente transcrita.

7º).- ROGOS E PREGUNTAS.

Neste punto non houbo intervencións.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as dezanove horas e vinte minutos, levantase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fé.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo

